

# 1 A Idade moderna (s. XVI, XVII, XVIII)

## 1.1 A Idade moderna. Contexto

A Idade moderna é un período da historia que, grosso modo, abrangue os séculos XVI, XVII e XVIII. Caracterízase, fundamentalmente por ser unha época na que **triumfan os valores da modernidade** e se producen **grandes transformacións e innovacións en todos os eidos da sociedade**.

### POLÍTICA E SOCIEDADE

- Crise da sociedade estamental.
- Auxe da burguesía.
- Xorden os Estados Modernos en Europa.
- Centralización do poder nos monarcas (autoritarismo, monarquías absolutas).
- Inicio da Revolución Industrial (séc. XVIII).

### XEOGRAFÍA

- Descubrimento, exploración e colonización europea de América, África e Oceanía.
- Grandes exploradores: Colón, Vasco da Gama, Fernão de Magalhães...

### ECONOMÍA

- Ampliación das redes comerciais.
- Nacemento do capitalismo.

### CIENCIA

- Grandes avances científicos e tecnolóxicos en matemáticas, física, anatomía, bioloxía, astronomía, enxeñaría...
- Figuras salientables: Copérnico, Galileo, Kepler, Newton, Bacon...

### CULTURA

- O home eríxese como o centro de atención.
- Recuperación e revalorización da cultura grecorromana.
- Desenvolvemento do Renacemento, Barroco, Ilustración.
- Enorme crecemento das artes.
- Figuras: Cervantes, Lope de Vega, Velázquez, Descartes, Leonardo da Vinci...

# ① A Idade moderna ( s. XVI, XVII, XVIII)

## 1.2 Galicia durante os séculos XVI, XVII e XVIII

O declive de Galicia, que comezara con Fernando III no século XIII e continuara con diversos episodios de carácter sucesorio nos que a nobreza galega apoiara o bando perdedor, vaise precipitar de xeito irreversible coa chegada ao poder de Fernando II de Aragón e Isabel I de Castela (os «Reis Católicos») a partir no último cuarto de século XV.

O historiador e cronista Jerónimo Zurita fálanos do somentemento de Galicia na época dos Reis Católicos nos seguintes termos:

«En aquel tiempo se comenzó a domar aquella tierra de Galicia, porque no sólo los señores y caballeros della pero todas las gentes de aquella nación eran unos contra otros muy arriscados y guerreros, y viendo lo que pasaba por el conde —que era gran señor en aquel reino— se fueron allanando y reduciendo a las leyes de la justicia con rigor del castigo.»

A **oposición** dalgúns nobres galegos (Pero Pardo de Cela, Pedro Madruga, o Conde Lemos) non dá froito e Galicia queda baixo o xugo das coroas de Castela e Aragón.

A comezos do século XVI a **situación política** de Galicia é de **total dominio** por parte de **Castela**, realidade que se manterá ao longo dos séculos XVII e XVIII.

Algúns factores que contribuíron a esta conxuntura son os seguintes:

- A centralización administrativa levada a cabo polos Reis Católicos.
- Asunción do castelán como lingua da administración e das clases altas.
- Substitución das clases dirixentes galegas por unha elite foránea.
- Nomeamento dun Gobernador-Capitán Xeneral foráneo para gobernar Galicia.
- As ordes monásticas galegas pasan a depender das congregacións castelás.
- Galicia perde o voto nas Cortes e estará representada por Zamora.

Desde o punto de vista **socioeconómico**, descabezada a nobreza galega, **progresa** de xeito notable a clase dos **fidalgos** e prodúcese tamén o **auxe dos mosteiros**. Ambos vivirán, sobre todo, do cobro de **foros** ao **campesñado** que, pola súa parte, ten que sobrevivir na **pobreza** e no **analfabetismo** xa que non pode acceder á propiedade das terras (menos dun terzo tiña terras de seu) nin á escola.


O **sistema de produción** é eminentemente **rural** e non existe unha clase burguesa suficiente para impulsar cambios na economía (industria, tecnoloxía...) nin na sociedade que tiveron lugar noutras partes da Península.

A introdución do **millo** e a **pataca** procedentes de América fan que nestes séculos a poboación galega se triplique, aínda que a urbana siga a ser escasa (menos dun 10%). Este **aumento da poboación** unido á pobreza fan que os galegos teñan que buscar alternativas fóra de Galicia.

A **emigración** realizárase primeiro a outras partes da Península como Andalucía, Castela ou Portugal e, a partir do século XVIII, a América.

Un tipo particular de emigración, veu determinada polo reclutamento de xente voluntaria para a **repopoación** de zonas da Península que quedaran deshabitadas. Por iso moitos galegos marcharon ás Alpujarras (Granada) ou a Estremadura.

Esta situación política (domino e marxinação), económica (pobreza), social (emigración) e o feito de que os nosos emigrantes relizasen tarefas nos oficios máis baixos e peor pagados provoca que no resto da Península se vaia xestando unha **visión negativa de Galicia e dos galegos**. Son abondosos os exemplos en que, baixo unha mirada despectiva, os galegos aparecen definidos en diversos textos literarios e non literarios como xente atrasada, inculta e mísera, e Galicia como unha terra fea e inhóspita.



## O galego medio

### 2.1 O galego medio. Contexto

Como consecuencia da uniformidade política, administrativa e relixiosa imposta polos Reis Católicos, o **castelán** convértese en Galicia na única **lingua oficial** para a administración civil e eclesiástica, e compartirá co latín o carácter de lingua da cultura.

O **galego** perderá os seus usos formais desde os comezos da Idade Moderna (principios do século XVI); aínda que seguiu sendo a única **lingua da maior parte da poboación**, especialmente das clases populares e de algunha da nobreza autóctona. O galego reduce o seu ámbito de uso aos **rexistros coloquiais** da vida cotiá.

Ao longo dos **séculos XVI, XVII e XVIII** o **castelán** esténdese por todo o segmento superior da pirámide social, un sector da poboación minoritario pero dominante, que impón gustos e modas, que ten acceso á cultura e que ocupa os postos de responsabilidade na política, na igrexa, na xustiza, na milicia, na universidade etc.

A principios do **século XIX**, as clases máis acomodadas das cidades e das vilas e, en menor medida, a fidalguía rural, estarán castelánizadas.

### 2.2 A decadencia do galego

Os séculos XVI, XVII e XVIII constitúen o período do **galego medio**, o máis delicado na historia da nosa lingua, pois a cultura de expresión galega cae nun estado de prostración que coincide cos momentos máis brillantes das letras castelás e portuguesas.

Con todo, cómpre non perdermos de vista o feito de que en toda esta longa etapa, mesmo nos momentos máis escuros, o **galego** era **a única lingua que falaba en Galicia a gran maioría da poboación**, rústica e urbana.

#### Séculos XVI e XVII

A difusión do **Renacemento** fai que as linguas romances se convertan en foco de atención e que aparezan as **primeiras gramáticas**: a do castelán en 1492 (obra de Antonio de Nebrija) e a do portugués no 1536 (de Fernão de Oliveira).

Estas e outras linguas romances irán adquirindo o prestixio que concede ante os seus falantes a consideración de lingua oficial e de cultivo literario. Entrementres, o **galego** practicamente só se conserva no **plano oral** e no **nivel popular**.

Desta época dispoñemos unicamente dalgúns **textos non literarios** e escasas mostras de poesía renacentista e barroca. Conservamos varias **cartas** escritas en galego polo Conde de Gondomar, Diego Sarmiento de Acuña (1567-1626) ou dirixidas a el.

O galego tampouco ten consideración de lingua de cultura no momento en que se inventa a **imprensa** e, polo tanto, non se beneficiou do enorme pulo difusor que este enxeño proporcionou ás linguas clásica e modernas. En Galicia só se imprimen textos en latín ou en castelán.

A **Igrexa**, como depositaria case exclusiva da cultura e da educación das clases instruídas, tivo unha gran responsabilidade neste proceso de asimilación en favor do castelán.

Cos altos cargos nas mans de persoas maioritariamente non galegas, a Igrexa convértese nun dos factores desgaleguizadores máis importantes de todos os tempos, feito que foi xa naquel momento denunciado por relixiosos ilustrados do XVIII como o P. Feixoo ou o P. Sarmiento.

## 2 O galego medio

### Século XVIII

Coa chegada dos Borbóns, o **século XVIII** significa o reforzamento do **centralismo** político, pero, ao mesmo tempo e da man dos **Ilustrados** (Cornide, Lucas Labrada, Pedro Antonio Sánchez Vaamonde...), xorden os primeiros sinais de inqueda e denuncia da marxinación, do atraso e da inxustiza á que está sometida Galicia, así como as propostas de solución encamiñadas a mellorar as condicións de vida da poboación e o seu nivel educativo e cultural. Para iso crearon institucións en Lugo e Santiago como a «Sociedad Económica de Amigos del País», ou na Coruña como a «Academia de Agricultura del Reino de Galicia» (A Coruña) e o Consulado do Mar.

A **Idade Moderna** foi principio dun longo **período de bilingüismo diglósico** que comeza a ser evidente a partir da metade do século XVII, cando os ilustrados toman conciencia do problema e sentan as bases para a súa superación.

Aínda que non mellora substancialmente a situación do galego, si que se constata certo **cambio na consideración da lingua**, nomeadamente na segunda metade da centuria, mercé a algúns «ilustrados» como o padre Feixoo, o padre Sarmiento, o padre Sobreira, ou o cura de Fruíme, que inician **estudos etimolóxicos e lexicográficos** e realizan diversas **propostas** encamiñadas á súa normalización, como as seguintes:

- **Ensino** do galego e o seu **uso** instrumental na **educación** en Galicia.
- **Uso** do galego na difusión da **doutrina católica**.
- Obrigatoriedade do **coñecemento** da lingua por parte dos **funcionarios** destinados en Galicia.

Así, por primeira vez, moitos anos despois doutras linguas románicas, o **galego** convértese en **obxecto de preocupación lingüística e mesmo ideolóxica**. Son os primeiros pasos para facer posible o rexurdir cultural do século XIX.

▶ A **Ilustración** é un movemento cultural que se produciu en toda Europa ao longo do século XVIII. Algunhas das súas características son a exaltación da razón, o cultivo das ciencias, o estudo das humanidades clásicas e a preocupación polas linguas modernas e pola educación.

▶ Moitos dos nosos «ilustrados» pertencían ao clero, xa que o ingreso no Seminario era a mellor maneira de acceder ao estudo.

**Frei Benito Xerónimo Feixoo** (Castelón, Xarxa 1675 - Oviedo, 1764)

- Defendeu que o galego procedía do latín e negou a condición de dialecto do galego.
- Equiparou o galego co castelán e o portugués.
- Defendeu a igualdade entre homes e mulleres e censurou a tortura.
- Non deixou textos en galego.



**Obra**  
 • *Teatro Crítico Universal*. Obra fundamental da Ilustración en castelán. Trata sobre diversas materias (filoloxía, medicina, matemáticas, filosofía, xeografía...).

**Frei Martiño Sarmiento** (Vistancia do Bierzo, 1695 - Madrid, 1772)

- Profesor de teoloxía; discípulo e seguidor do P. Feixoo.
- Grande estudoso da lingua en varios dos seus aspectos (lexicografía, fraseoloxía, etimoloxía...).
- Criticou a imposición do castelán en Galicia e propuxo medidas para que os escolares fosen educados na lingua materna.
- Criticou a castelanización da Igrexa e a introdución en Galicia de funcionarios alleiros e propuxo medidas a prol de galeguizar a Administración e o estamento eclesial.
- Combateu os prexuízos existentes sobre o galego e falou da necesidade de producir obras sobre o galego e recoller a súa literatura oral.
- Tamén realizou estudos sobre historia natural (especialmente sobre a flora galega e as súas denominacións).



**Obra en castelán**

- Estudos sobre as orixes, o pasado escrito, léxico, frases etc. do galego.
- *Sobre el origen de la lengua gallega*.
- *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*.
- *Onomástico etimológico de la lengua gallega*.
- *Catálogo de voces vulgares, y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables*.

**Obra en galego**

*Coloquio de Perico e Marica ou Coloquio de 24 gallegos rústicos*. Obra sen rematar na que preténdese explicar as características léxicas do noso idioma.

**Padre Sobreira** (Xoán Sobreira Salgado, Beade, 1745 - Guadalaxara, 1805)

Traballou durante varios anos na idea dun dicionario galego, que consideraba necesario. Detectou o que el denominaba «champurrado», o «castrapo» da época.

**Obra en galego**

- *Idea de un diccionario de la lengua gallega*. Obra inconclusa na que trata distintos aspectos do léxico galego.

**Outros ilustrados importantes foron:**

- **Xosé Andrés Cornide Saavedra**. Ocupou diversos cargos importantes e realizou notables estudos sobre a historia, xeografía, educación e pesca de Galicia.
- **Lucas Labrada**. Autor dunha *Descripción Económica del Reino de Galicia*.
- **Pedro Antonio Sánchez**. Propuxo a creación de bibliotecas e escolas e fundou a «Sociedad Económica de Amigos del País» de Santiago.

## 2.3 Características do galego medio

Neste período, a nosa lingua sofre un acusado **proceso de vulgarización e castellanización**. Xorden os **prexuízos lingüísticos** e comeza a desenvolverse un sentimento de **autoodio** que chegarán ata a actualidade, consecuencia dunha sensación de inferioridade e de infravalorar o propio da terra.

Asemade, e desde o punto de vista lingüístico, nacen e comezan a estenderse algúns dos principais **fenómenos dialectais** que subsisten na actualidade.

Tendo isto en conta, e dun xeito específico, algunhas das características lingüísticas máis salientables do galego medio son as seguintes:

FONOLOXÍA	Vocallismo	<ul style="list-style-type: none"> <li>Perda da <b>nasalidade</b> vocálica: <i>irmán/irmao</i>.</li> <li>Xeneralización dos ditongos <b>-oi-</b>, <b>-ou-</b>, <b>-ei-</b>: <i>moito, ouro, eira</i>.</li> </ul>
	Consonantismo	<ul style="list-style-type: none"> <li>Enxordecemento e simplificación do sistema medieval de 6 sibilantes, dando lugar á situación actual: <i>xato, zoco, saber</i>.</li> <li>Conservación do fonema /tʃ/ para a grafía <b>ch</b>: <i>chorar</i>.</li> </ul>

MORFOSINTAXE	<p>Distinción <b>te/che</b> para CD e CI: <i>vin<u>te</u> onte / vin<u>che</u> a moto</i>.</p> <p>Alternancia <b>llo/llelo</b>: <i>cont<u>e</u>illo / cont<u>é</u>illelo</i>.</p> <p>Xeneralización da desinencia <b>-che(s)</b> para a 2ª persoa do singular dos pretéritos de indicativo: <i>cant<u>ache</u>s, com<u>iche</u>s...</i></p> <p>Conservación da desinencia <b>-des</b> na 2ª persoa do plural: <i>cant<u>ade</u>s, com<u>ede</u>s...</i></p> <p>Xeneralización da desinencia <b>-o</b> para a 3ª persoa do singular dos pretéritos de indicativo irregulares: <i>d<u>ixo</u>, qu<u>ixo</u>, fix<u>o</u>...</i></p>
--------------	---

LÉXICO	<p>Entrada de moitos <b>castelanismos</b>: <i>*abuelo, *iglesia, *pueblo, *viernes...</i></p> <p><b>Deturpación/"castellanización"</b> de <b>topónimos e apelidos galegos</b>: <i>*Irijo, *Meijide, *Mellid, *Ginzo, *Órdenes, *Reguera, *Freijeiro, *Villatuje...</i></p>
--------	--

ORTOGRAFÍA	<ul style="list-style-type: none"> <li>Confusión <b>b/v</b>: <i>riveira...</i></li> </ul> <p>Adopción das grafías <b>ll</b> e <b>nn/ñ</b> no canto de <b>lh</b> e <b>nh</b> do portugués: <i>filla, sennor/señor, tenno/teño, tallo...</i></p>
------------	--



# 3 A literatura dos Séculos Escuros e da Ilustración

A progresiva irrupción do castelán como lingua do poder en Galicia provoca, como vimos, que o galego vaia desaparecendo como lingua escrita mentres que se mantén como lingua oral da maior parte da poboación. Esta situación explica perfectamente que durante estes séculos as manifestacións literarias en galego teñan un **carácter oral e popular**, en tanto que son moi **escasas** as **mostras de literatura culta**.

## 3.1 A literatura oral e popular

A **literatura de tradición oral** pode definirse como un conxunto de manifestacións literarias de carácter verbal que residen na memoria do pobo xa que foron creadas, transmitidas e conservadas por el.

A súa importancia é enorme xa que adoita reflectir a **identidade** e os **valores** dunha comunidade, así como a **sabedoría** acumulada ao longo dos tempos.

O interese pola nosa literatura oral comezou cando os **ilustrados** se decataron de que a recuperación da tradición contribuiría ao restablecemento da lingua.

As primeiras mostras dunha pequena parte da nosa literatura oral foron recollidas polo **padre Sarmiento** e polo **padre Sobreira** no século XVIII. A partir de aí realizáronse diversas compilacións no **Rexurdimento** (Marcial Valladares, Saco y Arce, Pérez Ballesteros) e ao longo de todo o **século XX** (Casto Sampedro, V. Risco, Xaquín Lorenzo, A. Fraguas, Filgueira Valverde, Leandro Carré, X.M. González Reboredo, H. Harguindey, Domingo Blanco Pérez, Dorothee Schubarth e Antón Santamarina...).

### Manifestacións literarias

A nosa literatura oral desenvólvese en tres modalidades básicas:

- Manifestacións en **prosa** (relatos curtos).
- Manifestacións en **verso** (basicamente cantigas).
- Manifestacións **dramáticas** (teatro popular).

En Galicia temos recollidas máis de 30 000 cantigas e 1 000 narracións orais.

### FORMAS EN PROSA DA LITERATURA ORAL

RELATOS CURTOS	CARACTERÍSTICAS	CLASIFICACIÓN ATENDENDO AO TEMA
<b>Conto</b>	Breve narración en prosa na que se relata unha historia de ficción.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contos maravillosos (de maxia, de bruxas, relixiosos...).</li> <li>• Contos de animais, de costumes, novelescos, didácticos...</li> <li>• Chistes e anécdotas.</li> </ul>
<b>Lenda</b>	Relato en prosa ou en verso, no que predomina o fantástico ou o sobrenatural.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Etiolóxicas: explicación das orixes de accidentes xeográficos, fenómenos naturais, topónimos, castros, covas...</li> <li>• Haxiográficas: vidas de santos.</li> <li>• Históricas: fan referencia a fazañas heroicas, batallas etc.</li> </ul>

### TEATRO DE TRADICIÓN ORAL

Como formas dun teatro oral, que debeu coñecer un cultivo variado, só subsisten algunhas **farsas** -que se representan no entroido nalgunhas comarcas-, **loitas entre mouros e cristiáns** e representacións de **beléns viventes**.

FORMAS VERSIFICADAS DA LITERATURA ORAL

CANTIGAS ou CÁNTIGAS	CARACTERÍSTICAS	SUBTIPOS	EXEMPLOS
Infantís	Composicións monótonas, de ritmo lento, usadas para entreter ou adormentar os nenos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Arrolos ou cantigas de berce.</li> <li>• Cantares de xogo.</li> </ul>	O meu neno está no berce, os ollíños val pechar, canta o moucho, cae a noite, o meu neno dorme xa.
De labor	Compostas cantadas durante os traballos do campo ou no remate dalgunha actividade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cantar de arada, de arrieiro, de canteiros, de seitura, de malla, de fiadeiro...</li> </ul>	O cantar do arrieiro é un cantar mol baixiño. Cántano en Ribadavia, resoa no Carballiño.
De festa	Concibidas para seren cantadas nas festas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Panxoliñas, cantares de aninovo, cantares de Reis.</li> </ul>	Vinde, vinde, ghaleghiños, vamos, vamos a Belén a ve-lo rei que é nacido, a ve-lo neno Manuel.
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cantigas de entroido, maios, cantigas de San Xoán...</li> </ul>	Alegría, alegrote, que está o rabo do porco no pote.
De romaría e de santuario	Fan referencia a romaxes e santuarios nos que se rende culto a santos avogosos. Cántanse nas romarías ou nos camiños que conducen a elas; moitas son de carácter relixioso.		Veño dunha romaría, dunha romaría noutra; veño dunha romaría e mañá vou para outra.
De divertimento	Frecuentemente acompañadas de baile ou instrumentación, a súa finalidade básica é a de divertir.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Alborada</b>: canto para celebrar a chegada da alba.</li> </ul>	Lus da y-alba cobre o ceo, doura os campos, doura os montes, e nos regos e nas fontes lindas pelras verte arreo.
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Alalá</b>: canto de ritmo libre, así chamado polo retrouso que leva (<i>ai-la-la-la/ai-la...</i>).</li> </ul>	Teño unha casiña branca na Mariña entre loureiros, teño cas e teño amores e estou vivindo no ceo. Ailalala, ailalala...
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Desafo</b>: disputa dialéctica improvisada en verso de ton irónico ou burlesco.</li> </ul>	A regheifa está na mesa, ela é de pan de trigo; a muller que a amasou tenche pelos no embigho.
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Regueifa</b>: variante do desafo, orixinalmente interpretado no banquete de voda.</li> </ul>	
		<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Mulñeira</b>: estrofa que acompaña a danza e a melodía do mesmo nome.</li> </ul>	Tantarantán, por onde van a Noia, tantarantán, pola corre- doira.
<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Cantar de cego</b>: composición que cantaban os cegos en festas, romarías, feiras etc., acompañados pola zanfona ou o violín. Adoita tratar sobre historias de crimes, casamentos ridículos, enganos, monstros.</li> </ul>	A Rosiña do Tanguero era unha gran costureira; un día estaba cosendo no cuartiño da palleira		

### 3.2 A literatura culta

Conservamos poucas mostras literarias e de escasa calidade debido, entre outros factores, a que a produción destes séculos foi esporádica. Os autores e autoras pertencen á nobreza galega ou ao clero, aínda que tamén atopamos composicións de persoas con altos cargos na Administración de Galicia.

#### POESÍA ANÓNIMA TRADICIONAL DOS SÉCULOS XVI-XVII

AUTOR/A	OBRAS DATAS	Poesía tradicional	CARACTERÍSTICAS
Anónimo	Consérvanse arredor de 20 cancións paralelísticas.		Consérvanse en cancioneros musicais casteláns dos s. XV e XVI. Son cancións semellantes ás dos trovadores medievais.
Anónimo	<i>Pranto da Frouseira</i> (fins do s. xv)	Poesía de circunstancias	Poema de 32 versos, en boca da fortaleza da Frouseira que se lamenta da morte do mariscal Pero Pardo de Cela e do seu fillo, decapitados na praza maior de Mondoñedo en 1483 por rebelarse contra os Reis Católicos.
Anónimo	Composición dedicada a Filipe de Borgoña. b(1506)		Escrita co gallo da súa chegada á Coruña en 1506 coa súa dona, a raíña de Castela Xoana a Louca.
Anónimo	<i>Canción galega en loor de don Diego das Mariñas Parragués</i> (fins do s. xvi)		Dedicada ao que fora gobernador e Capitán Xeneral de Galicia, consta de 110 versos en 11 estanzas escritas nun rexistro culto e cun ton laudatorio.
Anónimo	Poema referido ao «Saqueo de Cangas polos turcos».		Fai referencia aos acontecementos sufridos polos habitantes da vila pontevedresa de Cangas en 1617.

#### POESÍA ACADÉMICA DOS SÉCULOS XVI-XVII

Poesía renacentista			
Diogo Bernardes?	<i>Soneto de Monterrei</i> (s. xvi)	• Poema dialogado no que un cabaleiro lle declara o seu amor a unha pastora.	Composicións probablemente da autoría deste notario portugués nado en Ponte da Barca.
	<i>Soneto Porque me faz Amor inda acá torto?</i> (s. xvi)	• Completa o <i>Soneto de Monterrei</i> , pero non é dialogado.	
D <sup>a</sup> Isabel de Castro e Andrade, condesa de Altamira	Soneto (1578)	• Composición dedicada a Alonso de Ercilla, que nese ano publica a segunda parte de <i>La Araucana</i> .	
Poesía barroca			
Pedro Vázquez de Neira	<i>Soneto Respice finem</i> (1611)	• Poema sobre a fugacidade do tempo.	Sonetos dentro do volume <i>Relación das Exequias da Raíña Dona Margarida de Austria</i> , publicado para laiar a morte da esposa de Filipe III.
Xoán Gómez Tonel	Soneto con falda (1611)	• Chamado así por conter, ademais dos dous cuartetos e os dous tercetos, un engadido final de oito versos (o estrambote ou «falda»)	
Frei Martín Torrado	Décimas ao Apóstolo Santiago (1617)	• Este crego, abade de Urdilde, critica con fina ironía nestas 6 composicións a pretensión de Filipe IV de que Santa Teresa compartise o padroado de España co Apóstolo	
Varios	Composicións das Festas Minervais (1697)	• Composicións presentadas ao concurso das Festas Minervais e recollidas nun libro xunto con outros poemas. • Son 9 romances duns 80 versos presentados ao concurso das Festas Minervais de 1697 que loan a figura do arcebispo Alonso III de Fonseca.	

### 3 A literatura dos Séculos Escuros e da Ilustración

PROSA ACADÉMICA DOS SÉCULOS XVI-XVII		
Anónimo	<i>Relazón da carta xecutoria e coplas de os que venderon a Frouseyra</i> (c. 1515)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Texto no que se narra o episodio da traición e morte do mariscal Pardo de Cela por orde dos Reis Católicos e se consigna a identidade dos traidores.</li> </ul>
TEATRO ACADÉMICO DOS SÉCULOS XVI-XVII		
Anónimo	<i>Entremés de Janiño e os pastores</i> (c. 1594)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Son 52 versos en galego incluídos na obra en castelán <i>Comedia de la invención de la sortija</i>, representada en Monforte.</li> </ul>
Anónimo	<i>Diálogo de Alberte e Bieito</i> (1595-96)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Teatro nobiliario relacionado cunha estada en Galicia do Conde de Gondomar.</li> </ul>
Anónimo	<i>Entremés de los gallegos</i> (c. 1640)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Posiblemente representado en Monforte.</li> </ul>
Gabriel Feixoo de Araúxo	<i>Entremés famoso sobre a pesca no río Miño</i> (1671)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Primeira peza teatral importante que conservamos en galego.</li> <li>• A obra, composta por 433 versos, de ton humorístico e final feliz, trata do conflito que se produce entre galegos e portugueses pola pesca con redes no río Miño.</li> </ul>

POESÍA RELIXIOSA DOS SÉCULOS XVI-XIX	
Vilancicos de Nadal e Rels	
AUTOR/A	CARACTERÍSTICAS
<p>A maior parte destas composicións son <b>anónimas</b>, pero tamén as hai de autor coñecido:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• S. XVII: Carlos Patiño, Frei Francisco de Santiago, Manuel Bravo de Velasco.</li> <li>• S. XVIII: Antonio María de Castro e Neira.</li> <li>• S. XIX: Luís Corral Rodríguez, Alberto Camino.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• En Galicia consérvanse nos arquivos das catedrais de Compostela e Mondoñedo.</li> <li>• Proliferação por toda Galicia e mesmo se compuxeron para seren cantados en distintos lugares da Península (Lisboa, Coimbra, Toledo, Valladolid, Segovia...).</li> <li>• Caracterízanse principalmente pola galeguización que se fai dos personaxes e motivos (o contorno, o Neno, seus pais, Deus, os instrumentos populares... son galegos), polo uso do paralelismo e pola combinación de elementos populares e cultos.</li> </ul>



Como xa dixemos, ao longo do século XVIII algúns **Ilustrados** destacaron pola **defensa da nosa lingua e da nosa cultura**. Porén, a maioría da súa produción está escrita en castelán e son moi poucos os que teñen obras de creación literaria ou doutro tipo na nosa lingua. Con todo, percíbese neste século que a escrita non é tan circunstancial como nos anteriores.

Autores e autoras salientables con obra literaria en galego son os seguintes:

POESÍA DO SÉCULO XVIII		
AUTOR/A	OBRAS E DATAS	CARACTERÍSTICAS
Frel Martiño Sarmiento	<i>Coloquio de Perico e Marica</i> ou <i>Coloquio de 24 gallegos rústicos</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Obra de gran riqueza léxica.</li> <li>• Conxunto de 1201 coplas de estilo popular.</li> </ul>
Anselmo Feixoo Montenegro	<i>Llanto de la flota, por una ninfa gallega</i> (1702)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Poema composto por 15 quintillas en galego.</li> <li>• Unha ninfa lamentase do afundimento da escuadra española en Rande en 1702 por parte dos ingleses.</li> </ul>
	<i>E vos non vedes a teima</i> (glosa)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O poema glosa un acontecemento ocorrido en Madrid.</li> </ul>
Plácido Feixoo Montenegro	<i>Escoyten que falo eu</i> (glosa)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O poema refírese ao mesmo acontecemento ocorrido en Madrid.</li> </ul>
Xosé Noguerol e Camba	<i>Versos Gallegos a Nuestra Señora de Reza</i> (1708)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A composición foi presentada ao certame poético convocado en Ourense co gallo do nacemento do infante Luís Xacobe de Borbón, fillo de Filipe V e futuro Luís I.</li> <li>• Consta de 56 versos nos que se fai unha loanza da Virxe de Reza (Ourense).</li> </ul>
Xosé Andrés Cornide Saavedra	<i>Soneto A Filida</i> (1761)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Poema de gran callidade.</li> </ul>
	<i>Décimas</i> (1761)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creadas co gallo do 1º aniversario de Carlos III como rei de España.</li> </ul>
Diego A. Zernadas e Castro (cura de Fruíme)	Conservamos 15 poemas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Foi o poeta máis fértil do s. XVIII en galego.</li> <li>• Os seus versos son satíricos, con predominio da ironía, ou de circunstancias.</li> <li>• Manifesta un profundo amor por Galicia na súa obra.</li> </ul>
Anónimo	<i>Cincuenta décimas contra don Diego Zernadas</i> (c. 1770)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Longa carta (500 versos) escrita en verso nun galego culto contra o cura de Fruíme.</li> </ul>
Mª Francisca de Isla e Losada	<i>Romance ao señor abade de Fruíme</i> (1775)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Composición de carácter humorístico dedicada ao cura de Fruíme.</li> </ul>

TEATRO DO SÉCULO XVIII		
AUTOR/A	OBRAS E DATAS	CARACTERÍSTICAS
Salvador Francisco Roel	<i>Entremés gallego</i> (1707)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Representado na Coruña, constitúe o primeiro texto teatral impreso en galego.</li> <li>• Alusivo ao nacemento do príncipe Luís, fillo de Felipe V.</li> </ul>
Diego A. Zernadas e Castro (cura de Fruíme)	<i>Loa para la fiesta de los Dolores de la Soledad</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Peza bilingüe na que predomina o galego.</li> </ul>
Anónimo	<i>Entremés de Toribio</i> (1ª metade do s. XVIII)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Consérvase un fragmento.</li> </ul>
Anónimo	<i>Entremés do portugués</i> (1ª metade do s. XVIII)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Escrito maioritariamente en galego e portugués (aínda que hai secuencias en castelán e francés).</li> </ul>